

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### COMUNIDADE DE CASTILLA Y LEÓN

**403** *Lei 17/2010, do 20 de decembro, de modificación da Lei 1/1991, do 14 de marzo, pola que se crea e regula a Comarca do Bierzo.*

Sexa notorio a todos os cidadáns que as Cortes de Castilla y León aprobaron e eu, en nome de El-Rei e de acordo co que se establece no artigo 25.5 do Estatuto de autonomía, promulgo e ordeno a publicación da seguinte lei.

#### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

##### I

A traxectoria institucional da Comarca do Bierzo, como entidade local de Castilla y León ao servizo dos cidadáns residentes nunha comarca que goza de características singulares, está intimamente ligada ao desenvolvemento social e económico que experimentou a sociedade ao longo dos últimos anos.

Desde a súa creación pola Lei 1/1991, do 14 de marzo, ata os tempos actuais, a Comarca do Bierzo demostrou a súa utilidade nese desenvolvemento socioeconómico do Bierzo na medida que permitiron as competencias que legalmente lle foron atribuídas, os medios e recursos de que dispuxo e a organización de que se dotou no momento da súa creación en 1991.

Desta forma, a Comarca do Bierzo foise consolidando como parte da organización territorial de Castilla y León, e converteuse nunha entidade local necesaria dentro da estrutura territorial da Comunidade.

Non obstante, transcorridos máis de dezanove anos desde a aprobación en 1991 da Lei de creación da Comarca do Bierzo, evidénciase a necesidade de precisar, ampliar e redefinir algunhas cuestións que permitan adaptar a organización e o funcionamento da Comarca ás necesidades da sociedade actual.

A configuración da Comarca do Bierzo debe evolucionar en sentido paralelo á evolución das demandas sociais, que exixen ás administracións públicas a prestación de servizos modernos, áxiles e eficaces.

Existe, ademais, un deber constitucional, que exige potenciar a autonomía e a máxima intervención posible das entidades locais nos asuntos que afecten directamente o círculo dos seus intereses territoriais propios, e que deriva do principio constitucional de descentralización.

A Comunidade de Castilla y León deu xa os pasos previos necesarios, establecendo un marco xurídico estatutario e impulsando de forma decidida este proceso de reforma.

O artigo 46.3 do Estatuto de autonomía, modificado pola Lei orgánica 14/2007, do 30 de novembro, establece o mandato de aprobar nunha lei das Cortes de Castilla y León unha regulación da Comarca do Bierzo que teña en conta as súas singularidades e a súa traxectoria institucional.

Ademais, a Comarca do Bierzo está inmersa nun proceso de fortalecemento e descentralización que se iniciou en 2003, impulsado desde a Xunta de Castilla y León mediante a sinatura de convenios marco de colaboración co Consello Comarcal, que definen un pacto local específico do Bierzo, anticipándose á aprobación do Pacto Local de Castilla y León do 3 de novembro de 2005.

Con estes antecedentes, resulta oportuno e necesario acometer unha modificación da Lei de 1991 que dea cumprimento a ese mandato estatutario e permita adecuar a configuración legal da Comarca do Bierzo á nova realidade.

Esta modificación, asumindo a experiencia institucional acumulada pola Comarca do Bierzo desde a súa creación en 1991, ten como obxectivos últimos o fortalecemento da

autonomía comarcal, o reforzo dos seus poderes, a mellora do seu funcionamento e o aumento da calidade dos servizos que esta institución presta ao conxunto dos cidadáns bercianos.

## II

As modificacións introducidas no capítulo I permiten concretar o obxecto da lei. Por outra parte, incorpórase o municipio Palacios del Sil á Comarca pola súa vinculación histórica, social, económica e cultural co resto dos municipios, e cuxa vontade de integración foi manifestada por acordo do Pleno do Concello do día 29 de decembro de 2005, cerrando así o mapa comarcal, o que permite definir claramente e de forma definitiva a configuración da comarca como agrupación voluntaria de municipios limítrofes con características xeográficas, económicas, sociais e históricas afíns, eliminando a posibilidade de calquera tipo de dúbida sobre a existencia deses factores. Tamén se concreta o exercicio de determinadas potestades recoñecidas á Comarca.

Posiblemente, as modificacións que representan un cambio máis substancial con relación á anterior regulación son as relativas ás competencias e organización comarcais.

Así, a nova regulación do capítulo II establece un conxunto de novas disposicións que permiten á Comarca do Bierzo alcanzar unha maior cota de autogoberno.

Para isto, en primeiro lugar, redefínese e amplíase a listaxe de materias que delimitan o ámbito competencial da Comarca e prevese que esta exercerá, en todo caso, competencias nas citadas materias, nos termos que establezan as leis reguladoras dos distintos sectores de acción pública, de forma que o lexislador autonómico se ve concernido, por un mandato implícito, a concretar as competencias da Comarca. En segundo lugar, e respecto ás competencias que non se atribúan por lei sectorial, establécese un proceso de descentralización a favor da Comarca do Bierzo, fixando os principios e mecanismos necesarios para a súa concreción. Por último, modifícase a regulación actual co fin de que a Deputación Provincial de León poida delegar na Comarca do Bierzo calquera función que teña atribuída polo ordenamento xurídico.

A regulación do capítulo III, dedicado á organización comarcal, incorpora importantes novidades.

A anterior Comisión de Goberno pasa a denominarse Xunta de Goberno, co obxecto de destacar a natureza executiva do dito órgano.

Introdúcese un novo sistema electoral que soluciona os desequilibrios de representación que ocasionaba o anterior sistema en canto se refire á proporción de habitantes que representaba cada conselleiro comarcal, que ademais supuña que o Pleno tivese un número excesivo de membros, o que dificultaba o seu funcionamento áxil e eficaz. Para isto, establécese un número fixo e limitado de vinte e sete conselleiros comarcais, sen posibilidade de flutuación por cambios de maior ou menor poboación, e implántase un novo sistema electoral que supón a representación dos concellos da Comarca por zonas xeográficas e que establece un sistema de repartición do número de conselleiros do Pleno atendendo a unha serie de regras que garanten un exercicio proporcional e equilibrado do poder.

Regúlanse tamén os supostos de inelixibilidade e incompatibilidade para o cargo de conselleiro, a duración do seu mandato e os supostos de perda de tal condición, así como os supostos de destitución ou cesamento do cargo de presidente mediante moción de censura ou perda dunha cuestión de confianza.

A redución do número de membros do Pleno fai necesario introducir un novo órgano, a Asemblea de Edís, no cal estarán representados todos os municipios e que se constitúe como órgano de estudo e asesoramento sobre as principais cuestións que se someten a acordo plenario.

Por outro lado, revísase a regulación dos órganos da Comarca no relativo ás súas atribucións, para equiparalas ás dos órganos similares dos municipios e das deputacións provinciais.

No que se refire á vertente económica, modifícase o artigo 28 do capítulo IV dedicado á facenda comarcal. O novo texto persegue dar unha maior estabilidade á Comarca introducindo unha serie de mecanismos de cooperación económica da Xunta de Castilla y León coa Comarca do Bierzo. Para isto, na lei garántese a existencia, nos orzamentos da Comunidade de Castilla y León, dos recursos necesarios para afrontar os gastos correntes e de investimento do Consello Comarcal de forma que poida planificar os seus gastos e investimentos a medio-longo prazo, establecendo a posibilidade de facer unha planificación que vaia pormenorizando necesidades e recursos de cara ao futuro en varios anos a través da sinatura de convenios cuadrienais. Ademais, os investimentos de carácter sectorial que acometa a Xunta de Castilla y León serán sufragados con carácter xeral ao cen por cento do seu custo.

Coa modificación da disposición adicional primeira resólvese o baleiro legal actual relativo aos posibles supostos de creación e supresión de municipios, accións que poden afectar a delimitación territorial da Comarca do Bierzo.

Introdúcese unha disposición adicional terceira que ordena a aplicación supletoria da Lei orgánica de réxime electoral xeral no non regulado nesta modificación respecto ao réxime electoral da Comarca do Bierzo.

Por último, esta lei inclúe unha disposición derogatoria e tres disposicións derradeiras:

A disposición derradeira primeira ten por obxecto garantir a seguridade xurídica e faculta a Xunta de Castilla y León para promulgar un decreto legislativo que refunda as diversas leis que afectan a Comarca do Bierzo.

Nas disposicións derradeiras segunda e terceira prevese o desenvolvemento normativo da lei e a súa entrada en vigor, respectivamente.

### III

Por todo isto, no marco da distribución de competencias establecida na Constitución e no Estatuto de autonomía de Castilla y León, no exercicio da competencia exclusiva de regulación dos entes locais creados pola Comunidade e no exercicio da competencia de desenvolvemento da lexislación básica estatal sobre o réxime local nos termos previstos no Estatuto de autonomía de Castilla y León, dítase esta lei.

**Artigo único.** *Modificación da Lei 1/1991, do 14 de marzo, pola que se crea e regula a Comarca do Bierzo.*

A Lei 1/1991, do 14 de marzo, pola que se crea e regula a Comarca do Bierzo, modifícase nos seguintes termos:

Un. Modifícase o artigo 1, que queda redactado do seguinte modo:

«1. Mediante esta lei créase como entidade local a Comarca do Bierzo, con personalidade xurídica, demarcación territorial propia e autonomía para o cumprimento dos seus fins, e régúlase o seu réxime xeral, as competencias, a organización e a facenda.

2. A Comarca do Bierzo está integrada polos municipios seguintes: Arganza, Balboa, Barjas, Bembibre, Benuza, Berlanga del Bierzo, Borrenes, Cabañas Raras, Cacabelos, Camponaraya, Candín, Carracedelo, Carucedo, Castropodame, Congosto, Corullón, Cubillos del Sil, Fabero, Folgoso de la Ribera, Igüeña, Molinaseca, Noceda del Bierzo, Oencia, Palacios del Sil, Páramo del Sil, Peranzanes, Ponferrada, Priaranza del Bierzo, Puente de Domingo Flórez, Sancedo, Sobrado, Toral de los Vados, Toreno, Torre del Bierzo, Trabadelo, Vega de Espinareda, Vega de Valcarce e Villafranca del Bierzo.

3. O seu ámbito territorial é o delimitado polos termos municipais que a integran.

4. Na Comarca do Bierzo gozará de respecto e protección a lingua galega nos lugares en que habitualmente se utilice.

A Comunidade de Castilla y León facilitará a participación da Comarca do Bierzo nas actuacións que realice para a promoción da lingua galega no seu ámbito territorial.»

Dous. Modifícase o artigo 2, que queda redactado do seguinte modo:

«1. A Comarca do Bierzo, no ámbito das súas competencias, terá plena capacidade xurídica para adquirir, posuír, reivindicar, permutar, gravar ou allear toda clase de bens e dereitos, celebrar contratos, establecer e explotar obras e servizos públicos, obrigarse, interpor os recursos establecidos e exercer as accións previstas nas leis.

2. En ningún caso o exercicio das súas competencias poderá supor a perda polos municipios da competencia para prestar os servizos e intervir naquelas materias que enumere a normativa básica estatal en materia de réxime local.»

Tres. Modifícase o artigo 3, que queda redactado do seguinte modo:

«No exercicio das súas competencias, a Comarca do Bierzo terá todas as potestades recoñecidas ás entidades locais de carácter territorial na lexislación en materia de réxime local.

Non obstante, a potestade tributaria, no marco da lexislación vixente, exercerase nos termos e en relación aos recursos que constitúen a facenda da Comarca do Bierzo de conformidade co establecido no capítulo IV desta lei.»

Catro. Modifícase o artigo 4, que queda redactado do seguinte modo:

«A Comarca do Bierzo exercerá, en todo caso, competencias, nos termos que establezan a lexislación básica e autonómica sobre réxime local, e as leis reguladoras dos distintos sectores de acción pública, nas seguintes materias:

- a) Ordenación do territorio.
- b) Urbanismo.
- c) Saúde pública.
- d) Asistencia social, servizos sociais e desenvolvemento comunitario.
- e) Familia, xuventude e muller.
- f) Cultura.
- g) Deporte.
- h) Prevención e protección do ambiente.
- i) Turismo.
- j) Artesanía.
- k) Agricultura e gandaría.
- l) Montes.
- m) Enerxía e minas.
- n) Industria.
- o) Feiras e mercados comarcais.
- p) Ensino.
- q) Defensa dos consumidores e usuarios.
- r) Protección civil.»

Cinco. Modifícase o artigo 6, que queda redactado do seguinte modo:

«1. A titularidade ou exercicio de competencias e funcións da Comunidade Autónoma non atribuídas á Comarca do Bierzo pola lexislación sectorial poderán ser obxecto de transferencia ou delegación a favor da Comarca do Bierzo nos termos previstos na normativa reguladora de réxime local de Castilla y León.

2. O desenvolvemento competencial da Comarca do Bierzo mediante transferencia ou delegación terá como antecedente un convenio quadrienal entre a

Administración autonómica e a Comarca do Bierzo, que delimitará as funcións obxecto de futuro traspaso á Comarca.

3. O traspaso de competencias á Comarca realizarase baixo os principios de eficacia, eficiencia e suficiencia.

4. Naquelas funcións compartidas en que interveñan distintas administracións no exercicio das súas competencias, a transferencia ou delegación á Comarca do Bierzo requirirá a solicitude previa da Administración que teña a iniciativa a todas as demais, e a vontade concorrente e expresa favorable destas, entendéndose desestimada a solicitude se non existe contestación no prazo de tres meses.»

Seis. Modifícase o primeiro parágrafo do artigo 7, que queda redactado do seguinte modo:

«Os municipios, cuxa agrupación constitúe a Comarca do Bierzo, poderán delegar nesta as funcións que teñan atribuídas polo ordenamento xurídico, coas limitacións establecidas na lexislación básica sobre réxime local, logo de acordo do Consello Comarcal.»

Sete. Modifícase o artigo 8, que queda redactado do seguinte modo:

«1. A Comarca do Bierzo, por acordo do Pleno Comarcal e, se é o caso, en colaboración coa Deputación Provincial de León, poderá crear un servizo de cooperación e asistencia municipais encargado do asesoramento e asistencia técnica, xurídica e económica aos municipios incluídos no seu ámbito territorial.

Serán funcións do Servizo de Asistencia a Municipios da Comarca as seguintes:

a) Asesoramento xurídico ás entidades locais da Comarca do Bierzo, referido especialmente ás seguintes materias: obras e servizos de competencia local, licenzas urbanísticas, facendas locais, tramitación de expedientes e secretaría-intervención dos municipios eximidos de manter este posto.

b) Asesoramento técnico, referido especialmente ás seguintes materias: informes técnicos urbanísticos, informes técnicos sobre obras e servizos de competencia municipal, informática municipal, informes económicos sobre custo dos servizos, redacción de memorias valoradas e redacción de inventarios das entidades locais.

c) Axudas económicas a pequenas obras e servizos veciñais.

2. Así mesmo, a Comarca do Bierzo poderá garantir, se non o fai a Deputación Provincial e con carácter subsidiario, o exercicio nas corporacións municipais das funcións públicas de secretaría, control e fiscalización reservadas aos funcionarios con habilitación de carácter estatal.»

Oito. Modifícase o artigo 9, que queda redactado do seguinte modo:

«A Deputación Provincial de León poderá delegar na Comarca do Bierzo as funcións que teña atribuídas polo ordenamento xurídico, coas limitacións establecidas na lexislación básica estatal, logo de acordo de aceptación do Consello Comarcal, e en especial as seguintes:

a) A xestión do plan provincial de obras e servizos dentro do ámbito comarcal.

b) A asistencia e cooperación técnica, xurídica e económica aos municipios, nos termos indicados no número 1 do artigo 8.»

Nove. Modifícase o artigo 10, que queda redactado do seguinte modo:

«1. O goberno e a administración da Comarca do Bierzo corresponden ao Consello Comarcal, integrado polo presidente e os conselleiros.

2. Son órganos do Consello Comarcal o Pleno, o presidente, os vicepresidentes, se os houber, e a Xunta de Goberno. Existirá, así mesmo, unha Asemblea de Edís como órgano de asesoramento ao Consello Comarcal.

3. O Consello Comarcal, mediante a aprobación dun regulamento orgánico comarcal, que requirirá o voto favorable da maioría absoluta, poderá regular os órganos complementarios que considere necesarios e entre eles a comisión especial de contas, así como a estrutura administrativa do ente comarcal e as relacións entre os órganos comarcais e os municipios respectivos.»

Dez. Modifícase o artigo 11, que queda redactado do seguinte modo:

«1. Son inelixibles para o cargo de conselleiro comarcal os que o son de acordo co previsto na lexislación de réxime electoral xeral para as entidades locais.

2. As causas de inelixibilidade a que se refire o número anterior sono tamén de incompatibilidade. Son tamén incompatibles:

a) Os avogados e procuradores que dirixan ou representen partes en procedementos xudiciais ou administrativos contra a corporación, con excepción das accións a que se refire o artigo 63.1.b) da Lei reguladora das bases do réxime local.

b) Os directores de servizos, funcionarios ou o resto do persoal en activo ao servizo do Consello Comarcal e das entidades e establecementos dependentes del.

c) Os directores xerais ou asimilados das caixas de aforro que actúen na comarca.

d) Os contratistas ou subcontratistas de contratos cuxo financiamento total ou parcial corra a cargo do Consello Comarcal ou de establecementos del dependentes.

3. Cando se produza unha situación de incompatibilidade, os afectados deberán optar entre a renuncia ao posto de conselleiro comarcal ou o abandono da situación que, de acordo co establecido no número anterior, dea orixe á referida incompatibilidade.

4. Cando a causa de incompatibilidade sexa a contida na letra b) do número 2, o funcionario ou empregado que opte polo cargo de conselleiro comarcal pasará á situación de servizos especiais ou, subsidiariamente, á prevista no seu respectivo convenio, que, en todo caso, debe supor reserva do seu posto de traballo.»

Once. Modifícase o artigo 12, que queda redactado do seguinte modo:

«1. O número de conselleiros correspondente ao Consello Comarcal é vinte e sete.

2. A Xunta Electoral Provincial reparte, proporcionalmente e atendendo ao número de residentes, os postos correspondentes a cada zona xeográfica, no décimo día posterior á convocatoria de eleccións locais, atendendo ás seguintes regras:

a) Todas as zonas contan, polo menos, cun conselleiro.

b) Ningunha zona pode contar con máis dun terzo do número total de conselleiros.

c) As fraccións iguais ou superiores a 0,50 que resulten da repartición proporcional corríxense por exceso e as inferiores por defecto.

d) Se como consecuencia das operacións anteriores resulta un número total que non coincida, por exceso, co número total de conselleiros, subtráense os postos necesarios ás zonas cuxo número de residentes por conselleiro sexa menor. Se,



polo contrario, o número non coincide por defecto, engádense postos ás zonas cuxo número de residentes por conselleiro sexa maior.

3. Para os efectos previstos neste capítulo, as zonas xeográficas son as seguintes:

Ancares-Sil: comprende os municipios de Candín, Peranzanes, Palacios del Sil, Páramo del Sil, Fabero, Berlanga del Bierzo, Vega de Espinareda e Toreno.

Bierzo Alto: comprende os municipios de Noceda del Bierzo, Igüeña, Folgoso de la Ribera, Bembibre, Castropodame, Congosto, Molinaseca e Torre del Bierzo.

Bierzo Central: comprende os municipios de Arganza, Cabañas Raras, Cacabelos, Camponaraya, Carracedelo, Cubillos del Sil, Sancedo e Toral de los Vados.

Cabrera-Suroeste: comprende os municipios de Sobrado, Borrenes, Priaranza del Bierzo, Carucedo, Puente de Domingo Flórez e Benuza.

Bierzo Oeste: comprende os municipios de Balboa, Barjas, Corullón, Trabadelo, Oencia, Vega de Valcarce e Villafranca del Bierzo.

Ponferrada: comprende o municipio de Ponferrada.»

Doce. Modifícase o artigo 13, que queda redactado do seguinte modo:

«1. Constituídos todos os concellos da Comarca, a Xunta Electoral Provincial procede inmediatamente a formar unha relación de todos os partidos políticos, coalicións, federacións e de cada unha das agrupacións de electores que obtiveron algún concelleiro dentro de cada zona xeográfica, ordenándoos en orde decrecente ao dos votos obtidos por cada un deles.

2. Para os efectos previstos no parágrafo anterior, nos municipios de menos de 250 habitantes a que se refire o artigo 184 da Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do réxime electoral xeral, o número de votos que se terán en conta por cada candidatura obtense dividindo a suma dos votos obtidos por cada un dos seus compoñentes entre o número de candidatos que formaban a correspondente lista ata un máximo de catro. Corríxense por defecto as fraccións resultantes.

3. Realizada esta operación, a Xunta Electoral procede a distribuír os postos que corresponden aos partidos, coalicións, federacións e a cada unha das agrupacións de electores en cada zona xeográfica mediante a aplicación do procedemento previsto no artigo 180 da Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do réxime electoral xeral, segundo o número de votos obtidos por cada grupo político ou cada agrupación de electores.

4. Se en aplicación dos parágrafos anteriores se produce coincidencia de cocientes entre distintos partidos, coalicións, federacións e agrupacións, a vacante atribúeselle ao que maior número de votos obtivo e, en caso de empate, ao de maior número de concelleiros na zona xeográfica correspondente.

Subsidiariamente, resolverase o empate por sorteo.»

Trece. Modifícase o artigo 14, que queda redactado do seguinte modo:

«1. Realizada a asignación de postos de conselleiros, conforme os artigos anteriores, a Xunta Electoral convocará, para cada unha das zonas delimitadas anteriormente e por separado, dentro dos cinco días seguintes, os concelleiros dos partidos políticos, coalicións, federacións e agrupacións que obtiveron postos de conselleiros, para que elixan de entre as listas de candidatos avaladas, polo menos por un terzo dos ditos concelleiros, aqueles que deban ser proclamados conselleiros e, ademais, tres suplentes para cubrir pola súa orde as eventuais vacantes.

2. Efectuada a elección, a Xunta Electoral proclama os conselleiros electos e os suplentes, expide as credenciais correspondentes e remite ao Consello Comarcal certificacións dos conselleiros electos na zona xeográfica.

3. A duración do mandato dos membros do Consello Comarcal coincidirá coa da corporación municipal a que pertencen. Unha vez finalizado o mandato, os membros do Consello Comarcal continuarán en funcións, unicamente para a administración ordinaria, ata a toma de posesión dos seus sucesores. En ningún caso poderán adoptar acordos para os cales sexa legalmente necesaria unha maioría cualificada.

4. A perda da condición de concelleiro determinará tamén a perda da condición de membro do Consello Comarcal.»

Catorce. Incorporárase un novo número 3 ao artigo 16, do seguinte teor:

«3. O presidente poderá ser destituído do cargo mediante moción de censura ou perda dunha cuestión de confianza, na forma prevista na Lei orgánica do réxime electoral xeral. Para estes efectos poderá ser candidato ao cargo de presidente calquera dos concelleiros.»

Quince. Modifícase o artigo 17, que queda redactado do seguinte modo:

«1. A Xunta de Goberno estará integrada polo presidente e un número de membros do Pleno non superior ao terzo dos que o integren nin inferior a sete.

2. A determinación do número de membros que deben integrar a Xunta de Goberno corresponde ao presidente, e serán nomeados e separados libremente por este, do que dará conta ao Pleno.»

Dezaseis. Modifícase o artigo 19, que queda redactado do seguinte modo:

«O persoal ao servizo da Comarca do Bierzo estará integrado por funcionarios de carreira e interinos, por persoal laboral, xa sexa fixo, por tempo indefinido ou temporal, e por persoal eventual para o desempeño de postos de confianza ou asesoramento especial, nos termos previstos na lexislación de réxime local e de emprego público.»

Dezasete. Modifícase o artigo 20, que queda redactado do seguinte modo:

«1. O presidente ten as seguintes atribucións:

- a) Dirixir o goberno e a administración comarcal.
- b) Representar o Consello Comarcal.
- c) Convocar e presidir as sesións do Pleno, salvo os supostos previstos na lei, e as dos demais órganos colexiados, e decidir os empates con votos de calidade.
- d) Dirixir, inspeccionar e impulsar os servizos e obras comarcais.
- e) Levar a cabo a xestión económica de acordo co orzamento aprobado, dispor gastos dentro dos límites da súa competencia, concertar operacións de crédito, con exclusión das recollidas na Lei reguladora das facendas locais e na lexislación estatal básica, sempre que aquelas estean previstas no orzamento e o seu importe acumulado dentro de cada exercicio económico non supere o 10 por 100 dos seus recursos ordinarios, salvo as de tesouraría que lle corresponderán cando o importe acumulado das operacións vivas en cada momento non supere o 15 por 100 dos ingresos correntes liquidados no exercicio anterior, ordenar pagamentos e render contas.

f) Aprobar a oferta de emprego público de acordo co orzamento e co cadro de persoal aprobados polo Pleno, aprobar as bases das probas para a selección do persoal e para os concursos de provisión de postos de traballo, e distribuír as retribucións complementarias que non sexan fixas e periódicas. Estas atribucións entenderanse sen prexuízo do disposto na lexislación aplicable aos funcionarios de Administración local con habilitación de carácter estatal.

g) Desempeñar a xefatura superior de todo o persoal e acordar o seu nomeamento e sancións, incluída a separación do servizo dos funcionarios da



corporación e o despedimento do persoal laboral. Nestes dous últimos casos, dará conta ao Pleno na primeira sesión que se celebre. Esta atribución entenderase sen prexuízo do disposto na lexislación aplicable aos funcionarios de Administración local con habilitación de carácter estatal.

h) Exercer as accións xudiciais e administrativas e a defensa do Consello Comarcal nas materias da súa competencia, mesmo cando as delegase noutro órgano, e, en caso de urxencia, en materias da competencia do Pleno. Neste último suposto darase conta a este na primeira sesión que celebre para a súa ratificación.

i) Tomar a iniciativa para propor ao Pleno a declaración de lesividade en materia da competencia da Presidencia.

j) Actuar como órgano de contratación, de conformidade co establecido na lexislación básica en materia de contratos do sector público.

k) Aprobar os proxectos de obras e de servizos cando sexa competente para a súa contratación ou concesión e estean previstos no orzamento.

l) Adxudicar concesións sobre os bens da Comarca do Bierzo e adquirir bens inmoables e dereitos suxeitos á lexislación patrimonial, así como allear patrimonio, de conformidade co establecido na lexislación básica patrimonial.

m) Ordenar a publicación, execución e facer cumprir os acordos do Consello Comarcal.

n) As demais que expresamente lle atribúan as leis e aquelas que a lexislación do Estado ou da Comunidade Autónoma asignen á Comarca e non atribúan a outros órganos comarcais.

2. O presidente pode delegar o exercicio das súas atribucións nos membros da Xunta de Goberno, salvo as de convocar e presidir as sesións do Pleno, da Xunta de Goberno e da Asemblea de Edís, a decisión sobre os empates co voto de calidade, a concertación de operacións de crédito, a xefatura superior de todo o persoal, a separación do servizo dos funcionarios e o despedimento do persoal laboral, e as enunciadas nas letras a), h) e i) do número 1 deste artigo, así como cantas sexan indelegables en virtude de norma básica estatal.

3. Corresponde, así mesmo, ao presidente o nomeamento, de entre os membros da Xunta de Goberno, dos vicepresidentes, cuxo número non poderá ser superior a tres.

Os vicepresidentes substitúen, pola orde do seu nomeamento, o presidente nos casos de vacante, ausencia ou enfermidade.»

Dezaoito. Modifícase o artigo 21, que queda redactado do seguinte modo:

«1. Corresponden ao Pleno do Consello Comarcal as seguintes atribucións:

a) O control e a fiscalización dos órganos de goberno.

b) A aprobación do regulamento orgánico e das ordenanzas.

c) A elección do presidente do Consello.

d) A determinación dos recursos propios de carácter tributario, a aprobación e modificación dos orzamentos, a disposición de gastos en materia da súa competencia e a aprobación das contas; todo isto de acordo co disposto na Lei reguladora das facendas locais.

e) A determinación das formas de xestión dos servizos.

f) A aceptación da delegación de competencias feita por outras administracións públicas.

g) A interposición de conflitos de competencias a outras entidades locais e demais administracións públicas.

h) A aprobación do cadro de persoal e da relación de postos de traballo, a fixación da contía das retribucións complementarias fixas e periódicas dos funcionarios e o número e réxime do persoal eventual.

i) O exercicio das accións xudiciais e administrativas e a defensa do Consello Comarcal nas materias de competencia plenaria, sen prexuízo do previsto no artigo 20.1.h).

j) A declaración de lesividade dos actos do Consello Comarcal.

k) A concertación de operacións de crédito cuxa contía acumulada, dentro de cada exercicio económico, exceda o 10 por 100 dos recursos ordinarios do seu orzamento, salvo as de tesouraría, que lle corresponderán cando o importe acumulado das operacións vivas en cada momento supere o 15 por 100 dos ingresos correntes liquidados no exercicio anterior, todo isto de conformidade co disposto na Lei reguladora das facendas locais e na lexislación estatal básica.

l) O exercicio como órgano de contratación respecto dos contratos en que o presidente non sexa competente de conformidade co establecido na lexislación básica en materia de contratos do sector público.

m) A aprobación dos proxectos de obras e servizos cando sexa competente para a súa contratación ou concesión, e cando aínda non estean previstos nos orzamentos.

n) A adxudicación de concesións sobre os bens da Comarca do Bierzo e a adquisición de bens inmoebles e dereitos suxeitos á lexislación patrimonial, así como o alleamento do patrimonio, cando as actuacións mencionadas non estean atribuídas ao presidente.

ñ) Aqueloutras que deban corresponder ao Pleno por exixir a súa aprobación unha maioría especial, de acordo coa normativa básica estatal en materia de réxime local, e sexan acordos coa natureza propia do ente comarcal.

o) As demais que expresamente lle confiran as leis.

2. Correspóndelle igualmente ao Pleno a votación sobre a moción de censura ao presidente e sobre a cuestión de confianza promovida por el mesmo, que serán públicas e se realizarán mediante chamamento nominal, de conformidade coa lexislación electoral.

3. O Pleno poderá delegar o exercicio das súas atribucións no presidente e na Xunta de Goberno, salvo as enumeradas no número 1, letras a), b), c), d) e), f), g), h), k) e ñ), e no número 2 deste artigo, así como cantas sexan indelegables en virtude de norma básica estatal.»

4. O alcalde, ou concelleiro que designe, terá dereito a asistir con voz pero sen voto ás sesións do Pleno, sempre que nelas deba debater algún asunto que afecte exclusivamente o seu municipio.

Para o exercicio deste dereito deberá ser citado á reunión do Pleno e poderá consultar a documentación pertinente.»

Dezanove. Modifícase o artigo 22, que queda redactado do seguinte modo:

«Corresponde á Xunta de Goberno:

- a) A asistencia ao presidente no exercicio das súas atribucións.
- b) As atribucións delegadas por outros órganos do Consello Comarcal.»

Vinte. Modifícase o artigo 23, que queda redactado do seguinte modo:

«1. Créase a Asemblea de Edís, como órgano de estudo, asesoramento e participación do Consello Comarcal, constituída por un representante de cada un dos municipios que integran a Comarca do Bierzo, designado polo Pleno do concello, que teña a condición de alcalde ou concelleiro e non sexa membro do Pleno Comarcal.

2. O exercicio das súas funcións realizarao mediante a toma de razón, previa á aprobación polo Pleno, dos seguintes acordos comarcais:

- a) Orzamento económico anual.

- b) Regulamento orgánico.
- c) Ordenanzas.
- d) Plans comarcais plurianuais de especial interese municipal.
- e) Fixación de criterios para determinar as achegas dos municipios.

3. O presidente da Asemblea de Edís será o presidente do Consello Comarcal, que a convocará e presidirá; actuará como secretario o dese mesmo organismo.»

Vinte e un. Modifícase o artigo 25, que queda redactado do seguinte modo:

«No cadro de persoal do Consello Comarcal existirán postos de traballo reservados a funcionarios de Administración local con habilitación de carácter estatal para o exercicio das funcións que teñen atribuídas legalmente.»

Vinte e dous. Modifícase o artigo 28, que queda redactado do seguinte modo:

«1. Dentro dos recursos previstos no número 1. g) do artigo 26 inclúese, en todo caso, a achega destinada a gastos correntes do Consello Comarcal, que se recollerá nominativamente no capítulo IV dos orzamentos xerais da Comunidade de Castilla y León con cargo á consellería competente en materia de administración local.

O importe anual correspondente a estes recursos librarase á Comarca do Bierzo trimestralmente.

2. Dentro dos recursos previstos no número 1. g) do artigo 26 inclúese, en todo caso, a achega destinada á realización de investimentos de carácter xeral do Consello Comarcal, que se recollerá nominativamente no capítulo VII dos orzamentos xerais da Comunidade de Castilla y León con cargo á consellería competente en materia de administración local.

Aquel outros investimentos de carácter sectorial que acometa a Administración da Comunidade de Castilla y León deberán ser financiados integramente por esta mentres que o Consello Comarcal do Bierzo careza de capacidade impositiva, salvo que unha norma estatal ou europea exixa cofinanciamento, ou este sexa aceptado voluntariamente polo dito consello.

3. O obxecto, as contías e, se é o caso, as actualizacións dos anteriores recursos poderanse concretar no convenio cuadrienal previsto no artigo 6.2, sen prexuízo de que a vontade das partes no convenio non pode vincular o legislativo nin a realización dos investimentos que poidan conter os plans rexionais sectoriais aprobados por decreto da Xunta de Castilla y León.

En todo caso, co obxecto de garantir a eficacia na aplicación dos fondos a que se refire o número anterior, dentro do mes seguinte ao de finalización do exercicio orzamentario a Comarca do Bierzo remitirá a cada consellería competente por razón da materia unha memoria anual de xestión relativa aos investimentos e actuacións realizados, que inclúa os niveis e calidade dos servizos prestados.

4. Dentro dos recursos previstos no número 1 do artigo 26 inclúense, en todo caso, as achegas destinadas a gastos correntes e á realización de investimentos do Consello Comarcal que se poidan recoller nos orzamentos dos concellos da Comarca e da Deputación Provincial de León.»

Vinte e tres. Modifícase a disposición adicional primeira, que queda redactada do seguinte modo:

«1. Se como consecuencia dun procedemento de creación ou supresión de municipios resultase afectada a delimitación territorial da Comarca do Bierzo, os municipios resultantes, mediante acordo do Pleno da corporación, poderán solicitar motivadamente á Xunta de Castilla y León a súa integración ou saída do ente comarcal durante o prazo dun ano desde a publicación da resolución do procedemento correspondente.

A Xunta de Castilla y León, oído o Consello Comarcal, resolverá no prazo de seis meses, e a solicitude deberase entender estimada se non hai resolución expresa no dito prazo.

2. Se, como consecuencia dun procedemento de creación por fusión de municipios ou dun procedemento de supresión por fusión e por incorporación dun municipio a outro limítrofe, non resulta afectada a delimitación territorial da Comarca do Bierzo, os municipios resultantes quedarán integrados no ente comarcal desde a publicación da resolución do procedemento correspondente.

Se, como consecuencia dun procedemento de creación por segregación doutro municipio, non resulta afectada a delimitación territorial da Comarca do Bierzo, este novo municipio deberá expresar a súa vontade de formar parte ou non dela no prazo dun ano desde a publicación da resolución do procedemento correspondente, entendéndose positiva á súa integración de non efectuarse no dito prazo.»

Vinte e catro. Incorpórase unha nova disposición adicional terceira do seguinte teor:

Terceira. No non disposto nesta lei en relación co réxime electoral da Comarca do Bierzo será de aplicación a Lei orgánica de réxime electoral xeral.

Vinte e cinco. A disposición transitoria queda sen contido.

Disposición transitoria única.

As modificacións realizadas ao capítulo III da Lei 1/1991, do 14 de marzo, pola que se crea e regula a Comarca do Bierzo, faranse efectivas co primeiro proceso de eleccións locais que teña lugar tras a entrada en vigor desta lei.

Disposición derogatoria. *Derrogación normativa.*

Quedan derogadas as disposicións de igual ou inferior rango no que se opoñan ao disposto nesta.

Disposición derradeira primeira. *Texto refundido.*

Autorízase a Xunta de Castilla y León para elaborar e aprobar, dentro do prazo de dous anos desde a entrada en vigor desta lei, un texto refundido das normas vixentes sobre a Comarca do Bierzo. A refundición inclúe a posibilidade de regularizar, aclarar e harmonizar os textos legais que sexan obxecto do texto refundido.

Disposición derradeira segunda. *Desenvolvemento normativo.*

Autorízase a Xunta de Castilla y León a ditar as disposicións regulamentarias necesarias para o desenvolvemento e execución do previsto nesta lei.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Esta lei entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial de Castilla y León».

Polo tanto, mando a todos os cidadáns aos cales sexa de aplicación esta lei que a cumbran, e a todos os tribunais e autoridades que corresponda que a fagan cumprir.

Valladolid, 20 de decembro de 2010.—O presidente da Xunta de Castilla y León, Juan Vicente Herrera Campo.

(Publicada no «Boletín Oficial de Castilla y León» número 244/2010, do 21 de decembro de 2010)